

dous mil seis, relativo á modificación da relación de postos de traballo da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), coa finalidade de cumprir o dito acordo, dispoño que se publique no *Diario Oficial de Galicia* como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Consellería de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Na vixente relación de postos de traballo do organismo autónomo Escola Galega de Administración Pública, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 121, do 24 de xuño de 2005, na páxina 11.161, realízase a seguinte modificación:

Personal funcionario:

Modificacións:

-No posto PR.A01.00.000.15770.040.-Xefe de estudos, na columna Corpo/Escala pasa a ser xeral/docente, e na columna Adscr. Adm. P. pasa a ser A17. Código-descrición doutras administracións:

A17 Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade, e se convocan para o ano 2006.

A produción de sementes e plantas de viveiro constitúe unha actividade económica cunha importante e decisiva repercusión na produtividade e renovación das plantacións, así como na súa sanidade.

Ademais, a produción e fomento da semente e planta de viveiro de calidade obriga o sector produtor a realizar unha serie de medidas estruturais e técnicas específicas, principalmente naquelas especies en que está desenvolvido un sistema de certificación.

Así, a normativa comunitaria impón aos produtores a responsabilidade en materia de controis, de medidas de control e de adaptación dos seus sistemas produtivos, para garantir a calidade do material vexetal obtido; e os investimentos e medidas que

se van efectuar teñen que promoverse co mellor nivel tecnolóxico e de organización posible.

Por outra banda, nesta comunidade autónoma existen algunhas producións agrarias de gran importancia e tradición que están condicionadas polo mínimo desenvolvemento do sector produtor de sementes e plantas de viveiro, de xeito que non se pode garantir oficialmente a sanidade e a calidade, en xeral e, máis concretamente, da produción de material vexetal de variedades autóctonas.

Polo tanto, é necesario continuar incentivando as empresas, dentro do marco das axudas aos investimentos previsto no programa operativo integrado de Galicia 2000-2006, para que aquelas poidan afrontar as melloras estruturais necesarias para a súa adaptación á normativa e para producir sementes e plantas de viveiro de calidade, así como para introducirse na produción de novas especies.

Coas axudas previstas nesta orde trátase de apoiar as medidas que incidan naquelas fases da produción que máis influencia teñen na calidade da planta de viveiro, como son o material de orixe que xunte condicións de identidade, pureza varietal e sanidade; a mellora tecnolóxica das estruturas de produción e de control interno da calidade; a identificación e precintaxe dos lotes; o fomento do uso da planta controlada e de calidade; así como os investimentos en instalacións e equipamentos necesarios para adaptarse á normativa vixente.

A orde da Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, do 21 de xuño de 2002 (DOG nº 125, do 1 de xullo), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade, foi modificada pola Orde do 23 de decembro de 2003 na súa sección primeira (DOG nº 253, do 31 de decembro) para adaptarse á regulamentación comunitaria. Non obstante, coa entrada en vigor da Lei xeral de subvencións, establécense determinadas directrices no referente aos requisitos que deben cumprir os beneficiarios que accedan a axudas convocadas en réxime de concorrencia competitiva e en canto ao procedemento administrativo de xestión e resolución establecido para estes casos.

Polo tanto, co obxectivo de lograr unha maior transparencia informativa e xurídica ao administrado, cómpre refundir ambos os dous textos e incluír as directrices mencionadas, establecendo estas bases reguladoras das axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade, xunto coa convocatoria das axudas para o ano 2006, de conformidade co previsto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e na

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, e no Decreto 50/2002, do 14 de febreiro,

DISPOÑO:

Sección primeira: bases reguladoras de concesión de axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade.

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión das axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade, así como a súa convocatoria para o ano 2006.

A súa finalidade é, por unha parte, fomentar a produción de sementes e plantas de viveiro de calidade como condicionante principal dunha produción agraria diferenciada e adaptada ás exixencias do mercado e, por outra, incentivar o desenvolvemento deste sector naquelas especies de especial transcendencia para Galicia que non teñen suficientemente establecido un control directo ou sistema de certificación que garanta un material vexetal de partida coa calidade contrastada e adaptado ás súas propias peculiaridades.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán acollerse ás axudas previstas nesta orde os produtores autorizados de sementes e plantas de viveiro da Comunidade Autónoma de Galicia das especies ou grupos de especies que se sinalan no anexo III, debendo estar ao día nas súas obrigas fiscais e coa seguridade social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Xunta de Galicia.

2. Non obstante o anterior, poderán admitirse as solicitudes daqueles interesados que, no momento da publicación desta orde ou da respectiva convocatoria, teñan presentada unha solicitude de inscrición nalgún rexistro oficial de produtores de sementes e plantas de viveiro, sempre que se acredite a súa inscrición no rexistro antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

Artigo 3º.-Actividades subvencionables.

As axudas concederanse para aquelas actividades que, formando parte dun programa de mellora conforme se sinala no artigo seguinte, se destinen a:

a) Novos investimentos e traballos específicos da actividade viveirística aplicados á obtención e mantemento de material vexetal de partida e plantas nai de calidade controlada como orixe de material de multiplicación;

b) A mellora tecnolóxica das estruturas de produción de material de multiplicación e dos sistemas de control de calidade; e

c) o fomento da utilización da semente e planta de viveiro de calidade.

Artigo 4º.-Programa de mellora.

1. Conforme o sinalado no artigo anterior, as actividades subvencionables deberán formar parte dun programa de mellora, entendido como tal o conxunto de accións coherentes que pretendan unha estrutura de produción de sementes e plantas de calidade de forma estable e permanente.

2. Os programas de mellora poderán incluír os investimentos e os traballos específicos da actividade viveirística, desenvolvidas ben sexa directamente polo produtor ou ben en asociación con outros produtores, sempre que se persiga algún dos obxectivos seguintes:

a) Obtención, produción e mantemento de material vexetal de partida ou de plantas nai controladas.

Para os efectos desta orde, o material vexetal controlado, no caso de materiais producidos de acordo cunha norma de certificación, é aquel que cumpre cos requisitos exixidos na devandita norma para a súa categoría. Nos demais casos, entenderase como material de partida controlado aquel que ten contrastado o seu estado sanitario polos métodos de análise dispoñibles en cada caso, efectuados nun laboratorio oficial, e no que se comprobou a súa identidade varietal de acordo cunha ficha descritiva varietal completa segundo estándares internacionais, cando existan. No suposto de plantas ornamentais, só se poderán incluír as plantas nai controladas que teñan unha permanencia como orixe de material de multiplicación superior a dous anos.

Os investimentos e traballos que se inclúen neste punto a) son os correspondentes ás seguintes actividades:

1. Selección clonal en variedades.

2. Obtención de novas variedades.

3. Ensaio de novas variedades e clons.

4. Saneamento do material clonal.

5. Implantación de plantas nais controladas.

6. Análises sanitarias e varietais.

7. Instalacións de illamento de plantas nais controladas.

b) Produción de material vexetal de multiplicación procedente de plantas nais controladas.

Os investimentos que se inclúen neste obxectivo son os correspondentes a:

1. Instalacións.

2. Construcións.

3. Equipamentos.

c) Control de calidade en todas as fases de produción.

Os investimentos que se inclúen neste obxectivo son os correspondentes ás seguintes actividades:

1. Laboratorios de análises sanitarias e varietais.
2. Normalización e tipificación.
3. Identificación e precintaxe de lotes.

Artigo 5º.-Contía das subvencións.

1. A contía máxima das axudas previstas nesta orde poderá chegar ata unha porcentaxe máxima do 40% do investimento a realizar, agás para aqueles solicitantes titulares de explotacións que estén situadas en zonas desfavorecidas, nas que esta porcentaxe poderá acadar o 50%.

2. No caso de agricultores mozos segundo o artigo 8º, punto 1 do Regulamento (CE) nº 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, que simultaneamente á súa primeira instalación ou nos seguintes cinco anos a ela, presenten, antes de cumprir os corenta anos de idade, un plan de mellora conforme as condicións establecidas nesta orde, poderá obter unha axuda suplementaria do 5 % como máximo, do investimento, que poderá ser aplicada en calquera dos dous supostos citados no parágrafo anterior.

3. En ningún caso, as subvencións percibidas por beneficiario e ano poderán ser superiores a 60.101 €.

Artigo 6º.-Solicitudes de axuda e procedemento.

1. Os interesados en acceder ás axudas previstas nesta orde, deberán presentar unha solicitude de concesión de axuda axustada ao modelo do anexo I, acompañada da documentación seguinte:

a) Programa de mellora que inclúa, polo menos, o contido do punto 1 do anexo II. Para acreditar a viabilidade económica cómpre a realización do correspondente estudo técnico económico para o que o solicitante achegará os datos necesarios sobre as orientacións produtivas, réxime de posesión da terra, man de obra, maquinaria e instalacións.

b) Orzamento detallado de cada investimento e factura pro forma dos equipamentos que se van adquirir, se é o caso, conforme o formato establecido no punto 2 do anexo II.

Este orzamento estará claramente diferenciado por anualidades, no caso de que se pretenda executar parte dos investimentos no ano seguinte ao da respectiva convocatoria.

c) Cando o importe do investimento subvencionable supere a contía de 30.000,00 euros no caso de obra, ou de 12.000,00 euros no suposto de subministración de bens de equipamento, o beneficiario deberá presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á entrega do ben agás nos casos en que polas especiais características dos investimentos non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren. A elección destas ofertas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse

expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

d) Copia do título de produtor de sementes ou plantas de viveiro da Comunidade Autónoma de Galicia, ou copia da solicitude de inscrición no dito rexistro e, de ser o caso, no rexistro oficial de produtores, comerciantes e importadores de vexetais, materiais vexetais e outros obxectos.

e) Copia da última declaración anual de cultivo (datos anuais de produción e unidades vendidas presentada para a campaña en curso).

f) Copia da tarxeta de identificación fiscal ou DNI/NIF, e da acta de constitución da entidade coa relación de socios, se é o caso.

g) Certificado orixinal da conta bancaria.

h) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas.

i) Copia da solicitude da licenza de obras para aquelas construcións ou instalacións fixas que de acordo co establecido na normativa urbanística deban contar con licenza municipal.

j) No caso de agricultores mozos xuntarase:

-Acreditación da capacidade e competencia profesionais a través da presentación das titulacións académicas ou dos cursos de capacitación agraria (mínimo 200 horas) que procedan. En caso negativo, compromiso de realizar os cursos de capacitación no prazo de dous anos.

-Informe da vida laboral do titular.

-Copia da declaración da renda do ano no que se instala e a do ano anterior á dita instalación.

k) Documentación acreditativa de non ter pendente de pagamento ningunha débeda por calquera concepto coas administracións públicas. Non obstante, a presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado comportará a autorización á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria e aos servizos técnicos agrarios das delegacións provinciais para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

2. Iniciado o procedemento, os servizos técnicos agrarios da delegacións provinciais da Consellaría do Medio Rural examinarán as solicitudes e documentos anexos presentados. No caso de que fosen observadas faltas ou omisións, requirirase ao interesado para que o expediente sexa emendado ou completado, nos 10 días hábiles seguintes ao da súa notificación, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición, arquivándose o expediente sen máis trámite, cos efectos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Artigo 7º.-Órgano competente e criterios de selección.

1. As axudas previstas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva, en función das dispoñibilidades orzamentarias e das solicitudes de axuda que cumpran aos requisitos establecidos nesta orde.

2. A tramitación das axudas correspóndelle á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. Previamente, os servizos técnicos agrarios das delegacións provinciais da Consellaría do Medio Rural emitirán un informe relativo ás solicitudes presentadas, facendo unha valoración das prioridades alegadas e propoñendo a puntuación correspondente a cada unha delas, conforme o punto 4 deste artigo.

3. A valoración definitiva das solicitudes será efectuada por un órgano colexiado que as avaliará e que estará presidido polo subdirector/a xeral de Produción Agraria Sustentable e Fomento Asociativo e integrada polo/a xefe/a do servizo de produción agraria sustentable e sanidade vexetal e por un/ha xefe/a de sección deste servizo, un dos cales actuará como secretario/a.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún ou algunha dos seus integrantes non puidese asistir, será substituído polo funcionario ou funcionaria que para o efecto designe o/a subdirector/a xeral.

4. O órgano colexiado valorará os expedientes de acordo cos seguintes criterios de selección:

a) Execución do programa por unha agrupación de produtores: 2 puntos.

b) Afección do programa a especies con sistema de control e certificación específico: 2 puntos.

c) Afección do programa a especies con sistema de control e certificación escasamente desenvolvido na comunidade autónoma:

-Pataca: 6 puntos.

-Forestais para produción de froita: 6 puntos.

-Froiteiras: 5 puntos.

-Vide: 4 puntos.

-Sementes e plantas de hortícolas: 2 puntos.

-Sementes e plantas forraxeiras e pratenses: 2 puntos.

-Sementes de millo: 1 punto.

-Sementes de cereais fecundación autógena: 1 punto.

-Plantas ornamentais: 1 punto.

-Outras: 0 puntos.

d) Necesidade dos investimentos proxectados para acadar un título de produtor oficial ou para adaptarse á normativa reguladora.

-Para acadar título de produtor: 5 puntos.

-Para adaptarse á normativa reguladora: 2 puntos.

e) Tipo de investimento, establecéndose a prioridade pola orde en que constan no artigo 3º:

-a) 3 puntos.

-b) 2 puntos.

-c) 1 punto.

f) Afección do programa a actividades de recuperación, selección, mellora ou multiplicación de variedades autóctonas ou recomendadas: 4 puntos.

5. Os datos necesarios para a aplicación dos criterios de selección serán indicados polo solicitante, xuntando á solicitude, debidamente cuberto, o modelo do anexo IV desta orde.

6. O órgano colexiado emitirá un informe coa valoración das solicitudes de axuda presentadas que elevará á dirección xeral para que esta formule a proposta de resolución.

Artigo 8º.-Resolución.

1. A resolución do expediente correspóndelle ao conselleiro do Medio Rural, por proposta da dirección xeral.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de seis meses contados desde o día seguinte ao da publicación no diario oficial da correspondente convocatoria. Transcorrido o devandito prazo sen que se notificase a resolución, esta entenderase desestimada.

Artigo 9º.-Xustificación dos investimentos.

1. Na resolución de concesión da axuda establecerase a data límite para a finalización das actuacións previstas nos programas de mellora, que será polo menos posterior en quince días á finalización da realización do investimento subvencionado segundo o calendario presentado e, en calquera caso, anterior a data límite do 15 de decembro de 2006, para as accións executadas nese ano. En todo caso, os programas que se aproben para a súa execución no ano seguinte ao da convocatoria, terán que estar rematados con anterioridade ao 30 de xuño do dito ano.

2. Só serán auxiliables os investimentos que se realicen con posterioridade á data de entrada en vigor desta orde ou da respectiva convocatoria, sempre que recaia resolución aprobatoria da axuda sobre os ditos investimentos, agás o previsto no parágrafo seguinte.

Excepcionalmente, para aqueles investimentos de implantación de material vexetal de plantas nais que requiran tecnicamente a súa realización no período invernal de parada vexetativa, poderán auxiliarse as actividades xa iniciadas no ano antes da entrada en vigor desta orde ou da respectiva convocatoria. Neste caso, a dita circunstancia será debidamente xustificada no momento da presentación da solicitude de axuda.

3. Unha vez realizados os investimentos, os interesados deberán comunicar a finalización da execución do programa, por escrito dirixido ao servizo técnico agrario da delegación provincial correspondente, con anterioridade ao remate do prazo concedido para a súa execución. Coa dita comunicación xuntaranse os xustificantes do investido e, ademais, unha memoria explicativa sobre a súa realización.

4. As facturas acreditativas dos investimentos deberán ter data a partir da entrada en vigor da respectiva convocatoria da axuda, cumprindo, en xeral, as exixencias que establece a Axencia Tributaria (R.D. 1496/2003), acompañándose do xustificante que verifique o seu pagamento efectivo, a sinatura e recibín ou pagado da entidade que facture, ou ben, o xustificante da transferencia bancaria selado.

5. Cando se teñan realizado construcións ou instalacións fixas para as que sexa preceptiva a licenza municipal, achegarase copia dela. Esta documentación completárase cun proxecto asinado polo técnico competente, no caso de que o dito investimento sexa superior a 30.000 euros. O prazo para a presentación deste proxecto é de dous meses, contados desde a data de aprobación da axuda.

6. A falta de comunicación ou de realización dos investimentos entenderase como renuncia ás axudas concedidas, quedando sen efecto a resolución de concesión da axuda. A falta de comunicación ou de realización dos investimentos entenderanse como renuncia ás axudas concedidas, quedando sen efecto a resolución de concesión da axuda.

7. Unha vez comprobada a execución do programa os funcionarios dos servizos técnicos agrarios das delegacións provinciais realizarán as correspondentes certificacións previas ao pagamento das axudas.

8. En casos excepcionais en que o beneficiario, por causa debidamente xustificada (incapacidade temporal do solicitante, atraso na concesión de licenza de obra, causas de forza maior así coma outras debidamente xustificadas) non poida rematar a mellora no prazo establecido, deberá solicitar unha prórroga do prazo de execución con anterioridade ao transcurso do prazo máximo, especificando os motivos e o prazo de prórroga que deberá ser aprobado pola Dirección xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. O incumprimento do prazo das realizacións das melloras e, de ser o caso, da prórroga aprobada, poderá levar consigo a perda dos dereitos e axuda correspondente.

9. No suposto de adquisición e construción de bens, os períodos mínimos en que o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, serán de 5 anos no caso de bens inscrites nun rexistro público e de dous anos no resto dos bens.

Artigo 10º.-Concurrencia e acumulación de axudas.

1. As axudas reguladas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das outorgadas polas distintas administracións públicas, referidas aos mesmos investimentos.

2. En todo caso, ademais do previsto no punto i) do artigo 6º.1 desta orde respecto da declaración que se vai presentar coa solicitude de axuda, os beneficiarios presentarán coa xustificación da execución total do proxecto e, en todo caso, antes do pagamento final de axuda, unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 11º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que, durante a tramitación do procedemento, lle poidan exixir os órganos competentes da Consellería do Medio Rural, os beneficiarios das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 12º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, poderá acordarse a modificación da resolución de concesión, por instancia do beneficiario, sempre que se cumpran as condicións previstas no artigo 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 13º.-Reintegro das axudas.

Procederá o reintegro, total ou parcial, do importe da axuda e dos xuros de demora devengados desde o pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no artigo 78º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 14º.-Recursos administrativos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados en aplicación desta orde ou na respectiva orde de convocatoria, esgotan a vía admi-

nistrativa e, contra elas, cabe interpor os seguintes recursos:

-Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

-Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa; ou de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 15º.-Infraccións e sancións.

Ademais do disposto no Regulamento (CE) 1260/1999, do Consello, do 21 de xuño, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais e demais regulamentación comunitaria de aplicación, seralles de aplicación aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto no artigo 79º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Sección segunda: convocatoria das axudas para o ano 2006.

Artigo 16º.-Obxecto.

Esta sección ten por obxecto establecer a convocatoria, para o ano 2006 das axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade en Galicia, de acordo coas bases previstas na sección primeira desta orde.

Artigo 17º.-Prazo e presentación de solicitudes de axuda.

O prazo das solicitudes de axuda iníciase o día seguinte ao da publicación desta orde e rematará no prazo de corenta días hábiles. As solicitudes presentaranse en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e, preferentemente, nas delegacións provinciais competentes ou nas oficinas agrarias comarcais da Consellaría do Medio Rural.

Os interesados presentarán a solicitude de axuda axustada ao modelo do anexo I desta orde e achegarán, ademais, toda a documentación a que se refire o artigo 6.1º, así coma os modelos dos anexos II, III e IV.

Artigo 18º.-Xustificación.

O cumprimento da finalidade para o que foi concedida a axuda xustificárase de conformidade co previsto no artigo 10º desta orde.

Así, os interesados deberán comunicar por escrito a finalización do programa dentro do prazo concedido para a súa execución, xuntando os xustificantes do investido e, ademais, unha memoria explicativa sobre a súa realización. Ademais, no momento da certificación das ditas actuacións, deberán xustificar que están ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e de que non teñen ningunha débeda pendente de pagamento coa Administración da Comunidade Autónoma.

Artigo 19º.-Financiamento.

1. As axudas reguladas nesta orde, para o exercicio de 2006, estarán financiadas ao 75% con fondos do FEOGA-Orientación na aplicación orzamentaria 11.03.614A.7720 Promoción de sementes e plantas de viveiro, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, dotado con 1.803.200,00 euros, para este programa, quedando condicionado o gasto á existencia de crédito axeitado e suficiente nos ditos orzamentos. Igualmente, poderán ser utilizados outros remanentes dispoñibles na devandita aplicación orzamentaria.

2. Para aqueles expedientes que se executarán no exercicio 2007, disporase de 400.000 euros de crédito futuro na aplicación orzamentaria mencionada na epígrafe anterior.

Disposicións adicionais

Primeira.-No non previsto nesta orde seguirase o disposto preferentemente nos artigos 78º e 79º do Decreto 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e, na Lei 38/2003 xeral de subvencións, do 17 de novembro.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas a Orde do 21 de xuño de 2002 (DOG nº 125, do 1 do xullo), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade e a Orde do 23 de decembro de 2003 na súa sección primeira (DOG nº 253, do 31 de decembro) pola que se modifican as bases reguladoras anteditas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as instrucións que considere oportunas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

UNIÓN EUROPEA
—
FEOGA



PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A MELLORA ESTRUCTURAL E ADAPTACIÓN DOS PROCESOS PRODUCTIVOS DE SEMENTES E PLANTAS DE VIVEIRO DE CALIDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR436B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DE QUEN SOLICITA

EMPRESA / ENTIDADE				CIF / NIF	
ENDEREZO			LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	EMAIL	

E na súa representación:

APELIDOS		NOME		DNI	
ENDEREZO			LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	EMAIL	

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	D. C.	CÓDIGO CONTA CORRENTE		
NOME		ENDEREZO			
POBOACIÓN		PROVINCIA		CÓDIGO POSTAL	

O/A abaixo asinante solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do _____, da Consellería do Medio Rural, para levar a cabo o programa de AXUDAS PARA A MELLORA ESTRUCTURAL E ADAPTACIÓN DOS PROCESOS PRODUCTIVOS DE SEMENTES E PLANTAS DE VIVEIRO DE CALIDADE, presentado por esta entidade.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade, e se convocan para o ano 2006.</i>
SINATURA DE QUEN SOLICITA OU PERSOA QUE REPRESENTA _____ de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Conselleiro do Medio Rural

ANEXO II

A.- DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTARÁ COAS SOLICITUDES

1.- PROGRAMA DE MELLORA (ESTRUTURA).

CAPÍTULO I. OBXECTIVOS DO PROGRAMA DE MELLORA (DENTRO DOS SINALADOS NESTA ORDE). XUSTIFICACIÓN DOS INVESTIMENTOS PREVISTOS PARA O CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS.

CAPÍTULO II. DESCRICIÓN DETALLADA DE CADA UN DOS INVESTIMENTOS PREVISTOS.

CAPÍTULO III. ORIXE DO MATERIAL, PROCESO PRODUTIVO E PRODUCCIÓN NA ACTUALIDADE E DESPOIS DA APLICACIÓN DO PROGRAMA DE MELLORA, POR ESPECIES, VARIEDADES E CATEGORÍAS. COPIA DA ÚLTIMA DECLARACIÓN ANUAL DE CULTIVO (DATOS ANUAIS DE PRODUCCIÓN E UNIDADES VENDIDAS PRESENTADA PARA A CAMPAÑA EN CURSO).

CAPÍTULO IV. CALENDARIO DE EXECUCIÓN DE CADA UN DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PROGRAMA DE MELLORA.

CAPÍTULO V. PLANO OU BOSQUEXO DE SITUACIÓN DAS PARCELAS, INSTALACIÓNS E CONSTRUCIÓNS DO VIVEIRO DO/A SOLICITANTE ONDE SE SITUEN OS NOVOS INVESTIMENTOS.

2.- ORZAMENTO DETALLADO DE CADA UN DOS INVESTIMENTOS (E FACTURA PRO FORMA DOS EQUIPAMENTOS QUE SE VAN ADQUIRIR, SE É O CASO) (FORMATO).

ANO	Nº DE ORDE	ART. 4º PUNTO	CONCEPTO DO INVESTIMENTO	PARTES QUE COMPOÑEN O INVESTIMENTO	Nº DE UNIDADES	CUSTO POR UNIDADE	CUSTO PARCIAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____
							TOTAL	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____
							TOTAL	_____

3.- COPIA DO TÍTULO DE PRODUTOR DE SEMENTES OU PLANTAS DE VIVEIRO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA OU COPIA DA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO DEVANDITO REXISTRO E, SE PROCEDE, NO REXISTRO OFICIAL DE PRODUTORES, COMERCIANTES E IMPORTADORES DE VEXETAIS, MATERIAIS VEXETAIS E OUTROS OBXECTOS.

4.- COPIA DA ÚLTIMA DECLARACIÓN ANUAL DE CULTIVO (DATOS ANUAIS DE PRODUCCIÓN E UNIDADES VENDIDAS PRESENTADA PARA A CAMPAÑA EN CURSO).

5.- COPIA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL OU DNI, E DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE, SE É O CASO.

6.- CERTIFICADO ORIXINAL DA CONTA BANCARIA.

7.- DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.

8.- CERTIFICADO DE NON TER PENDENTE DÉBEDA NINGUNHA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (OPCIONAL).

9.- NO CASO DE AGRICULTORES MOZOS:

- ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE E COMPETENCIA PROFESIONAIS A TRAVÉS DA PRESENTACIÓN DAS TITULACIÓNS ACADÉMICAS OU DOS CURSOS DE CAPACITACIÓN AGRARIA (MÍNIMO 200 HORAS) QUE PROCEDAN. EN CASO NEGATIVO, COMPROMISO A REALIZAR OS CURSOS DE CAPACITACIÓN NO PRAZO DE DOUS ANOS.

- INFORME DA VIDA LABORAL DO TITULAR.

- COPIA DA DECLARACIÓN DA RENDA DO ANO NO QUE SE INSTALA E A DO ANO ANTERIOR Á DITA INSTALACIÓN.

B.- DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTARÁ COA XUSTIFICACIÓN DOS INVESTIMENTOS

1.- FACTURAS ORIXINAIS DOS INVESTIMENTOS E OS SEUS RESPECTIVOS XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO CONFORME AO ARTIGO 9º.4.

2.- CERTIFICADO DE ATOPARSE AO DÍA DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL (OPCIONAL).

3.- CERTIFICADO DE NON TER PENDENTE DÉBEDA NINGUNHA COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (OPCIONAL).

4.- DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DE CONXUNTO DAS AXUDAS SOLICITADAS, TANTO APROBADAS OU CONCEDIDAS COMO AS PENDENTES DE RESOLUCIÓN PARA O MESMO PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

5.- INFORME DA EXECUCIÓN DO PROGRAMA.

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

UNIÓN EUROPEA
FEOGA



PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A MELLORA ESTRUCTURAL E ADAPTACIÓN DOS PROCESOS PRODUCTIVOS DE SEMENTES E PLANTAS DE VIVEIRO DE CALIDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR436B	DOCUMENTO PRODUCCIÓN AUXILIABLES
---	---	--

SOLICITANTE	NIF / CIF
TÍTULO DO PROGRAMA	

MATERIAIS QUE SE VAN OBTER, SELECCIONAR OU MULTIPLICAR DE:

- 1.- PATACA DE SEMENTEIRA (ORDE MAPA DO 24 DE MAIO DE 1989, BOE Nº 134 06/06/1989 E POST. MODIF.)
- 2.- FROITEIRAS (R. D. 929/1995, DO 9 DE XUÑO, BOE Nº 141 14/06/1995 E POST. MODIF.)
- 3.- VIDE (ORDE MAPA DO 1 DE XULLO DE 1986, BOE Nº 168 15/07/1986 E POST. MODIF.)
- 4.- SEMENTES E PLANTAS DE HORTÍCOLAS (ORDE MAPA DO 1 DE XULLO DE 1986, BOE Nº 169 16/07/1986, ORDE MAPA DO 28 DE OUTUBRO DE 1994, BOE Nº 264 04/11/1994 E POST. MODIF.)
- 5.- SEMENTES E PLANTAS FORRAXEIRAS E PRATENSES (ORDE MAPA DO 31 DE XANEIRO 1976, BOE Nº 43 19/02/1976 E POST. MODIF.)
- 6.- SEMENTES DE MILLO (ORDE MAPA DO 1 DE XULLO DE 1986, BOE Nº 172 19/07/1986 E Nº 173 21/07/1986 E POST. MODIF.)
- 7.- SEMENTES DE CEREAIS FECUNDACIÓN AUTÓGAMA (ORDE MAPA DO 1 DE XULLO DE 1986, BOE Nº 172 19/07/1986 E POST. MODIF.)
- 8.- PLANTAS ORNAMENTAIS (R. D. 200/2000, DO 11 DE FEBREIRO, BOE Nº 39 15/02/2000)
- 9.- FORESTAIS PARA PRODUCCIÓN DE FROITA
- 10.- OUTROS (CÍTRICAS, AMORODO, ETC.)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a mellora estrutural e adaptación dos procesos produtivos de sementes e plantas de viveiro de calidade, e se convocan para o ano 2006.

SINATURA DE QUEN SOLICITA OU PERSOA QUE REPRESENTA

_____ de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

Conseleiro do Medio Rural